

ÁLVARO CUNQUEIRO: A REALIDADE HISTÓRICA GALEGA

Xuventude de Galicia - Centro Galego de Lisboa, 8 de maio de 1971

Juan Gil López e Afonso Vázquez-Monxadin

INTRODUCCIÓN

A nova directiva da asociación Xuventude de Galicia- Centro Galego de Lisboa¹ que había tomar posesión o día 8 de maio de 1971 aproveitou a circunstancia para organizar unha xeira de actividades ao redor de Álvaro Cunqueiro, convidado especial para a ocasión, para así dar conta do incio dunha nova xeira e revestir dunha transcendencia especial o relevo de poderes.

Álvaro Cunqueiro chegou a Lisboa en avión, procedente de Porto o venres día 7 de maio á noite acompañando polo seu amigo Benedicto Conde, “Bene”, redactor do *Faro de Vigo*, xornal do que fora director Cunqueiro ata había uns meses. Estivo en Lisboa a fin de semana e participou en catro actos públicos. O primeiro, a inauguración dunha exposición de libros galegos, o sábado día 8 ás 5 da tarde na librería Bertrand na que o propio Cunqueiro asinaría exemplares das súas obras. O segundo, a conferencia que transcribiremos², o mesmo sábado ás 10 da noite no vello local da asociación na rúa Madalena. O terceiro, un xantar homenaxe da colectividade e amigos portugueses no restaurante Mónaco de Caxias o domingo día 9 ás 13 horas. E e, por último, unha cea de despedida, máis reservada, coa directiva da asociación, o propio día 9 nun restaurante lisboeta. O luns a primeira hora emprendería a viaxe de volta a Galicia, vía Porto en avión.

¹ O artigo un dos seus estatutos sinala esta duplicidade (*A denominação desta associação será "JUVENTUDE DA GALIZA", podendo designar-se também por CENTRO GALEGO DE LISBOA.*). O centro xurdiu en novembro de 1908, momento no se xuntan un grupo de mozos inmigrantes galegos para facer un centro de instrución e recreo con dedicación inicial, principalmente a actividades musicais e de pasatempo. Despois de dúas sedes previas, Rúa da Rosa e Rúa da Madalena —onde se celebrou o acto de Cunqueiro— pasou en 1988 ao palacete italianizante que hoxe ocupa na Rúa Júlio de Andrade nº3, por doazón do emigrante Manuel Cordo Boullosa. Na actualidade ten unha vizosa actividade

² Dada a exactitude e limpeza da gravación sonora e que o obxecto deste traballo é proporcionar unha versión escrita da conferencia que sexa de fácil lectura, e daquela co menor “ruído” posible, optamos polo sempre discutible criterio de “peneirar” a lingua para eliminar redundancias propias da fala, lapsus, etc. Por exemplo, nun momento da charla, di á propósito a chegada dun embaixador italiano, Ser Brunette Latini, no ano 1240 que o fai á corte do rei Carlos III, cando, estaría pensando, sen dúbida, en Afonso X. Ou cando sitúa Lindisfarne en Irlanda en vez de Inglaterra. Así pois, rectificamos os seus erros obvios, sen máis. En calquera caso, a versión oral está aí e esta é só unha das fixacións posibles.

A visita foi puntualmente seguida pola prensa³ na que escritores destacados do país fixeron notas específicas⁴ iniciadas por un interesante artigo de difusión do profesor Rodríguez Lapa, tres días antes da chegada do mindoniense.

Segundo as reseñas de prensa publicadas nos xornais *República e Diario de Noticias*⁵ que mesmo inclúen fotos do acto, estes desenvolveuse do seguinte xeito:

Ocupou a presidencia de honra do acto, don Pedro Ortiz Armengol, conselleiro cultural da embaixada de España en representación do embaixador (José Antonio Giménez-Arnau); don Artur Macial, Presidente da Casa do Minho; dona Alcinda de Carvalho, en representación da Sociedade de Lingua Portuguesa; dona Gregoria Peñalba Oliva, presidenta do Centro Español de Lisboa; o asociado máis antigo, Sr. Luís Seixo García; e os novos directivos que tomaban posesión no acto, señores Juneval Estévez, presidente da asemblea xeral, don Joaquín Calzado Blanco, presidente do consello fiscal, e don Avelino Fortes Espinheira, presidente da asociación.

Entre o público, sinálase a presenza dos escritores portugueses Jacinto Prado Coelho, Rodrigues Lapa e do poeta de ascendencia galega Alfredo Guisado.

No inicio do acto, o presidente saínte, don José Feijóo Varela, deulle posesión aos membros da directiva entrante, e a continuación don Avelino Fortes Espinheira fixo a correspondente presentación do escritor, antes de que tomase a palabra e dixera:

³ Desde o día 4 ao día 10 de maio apareceron noticias nos xornais *República, Diario Popular, O Primeiro de Janeiro, A Capital, Época, Jornal do Comercio, Novidades, Diario de Noticias, O Século*

⁴ Rodrigues Lapa, : “Álvaro Cunqueiro en Lisboa”, *República*, 4-5-71

Maciel, Artur; “Cunqueiro em Lisboa”, *Diario de notícias* 7-5-71

Lopes de Oliveira, A.: “De o galeguismo –palpitante realidade histórica- no no coração e na voz de Álvaro Cunqueiro, *Imagens Lisboetas*, 9-5-71

⁵ *República* 9-5-1971; *Diario de notícias* 9-5-1971

A REALIDADE HISTÓRICA GALEGA

Ilustrísimo señor representante do embaixador de España, ilustrísimos señores representantes da Sociedade da Lingua Portuguesa e da Casa do Minho, miñas donas e meus señores:

Eu estou verdadeiramente emocionado por atoparme hoxe aquí con todos vós. En atoparme nesta Lisboa que queren os mitógrafos que leve no seu nome o dun home a quen eu quixen moito e quero, e cuxos anos de infancia e de mocidade contei: Ulises, o héroe das batallas e dos discursos, para min moitas veces compañeiro de paseos. Gústame que esta sociedade se chame Xuventude de Galicia porque para min son dúas verbas que eu non quixera nunca separar: xuventude e Galicia.

Teño unha inmensa fe no destino do noso pobo dentro da ancha e comunal España. Coido que temos moito que dar e moito que servir e que podemos ser donos do tempo noso e do futuro a condición de que deixemos aquel refrán antigo de cando ía unha tropa de galegos chamada polo rei de Castela para campañas contra o mouro na liña do Texo. Non ben chegaron a Pobra de Sanabria comezaron a discutir sobre quen levaría o pendón; e entón un dos que ían alí, da casa de Savedra na terra Chá lucense, dixo aquilo de *somos galegos e non nos entendemos* e deu a volta para casa. Que nunca máis se poida dicir isto de nós.

A máis notoria condición histórica de Galicia é que Galicia está lonxe. É que Galicia era o *Finis terrae*, o extremo da terra coñecida. Despois daquelas rocas do Fisterre, daquelas rocas mouras nas que bate a onda atlántica, xa non quedaba máis que o mar tenebroso cheo de abismos e de enormes bestas nunca vistas; aquel océano que segundo Séneca arrodea a terra e polo cal navega enorme unha besta horripilante chamada Leviatán.

Cando as lexións romanas chegaron a Fisterre, conta Valeiro Patérculo que os soldados ao ver o sol asolagarse no océano, escoitaron algo así como o runxido que fai un ferro o roxo vivo que se mete na auga na fragua do ferreiro e axoenllaronse. E di Valeiro Patérculo que estaban presos dun relixioso terror: chegaran á fin do mundo e viran a morte do sol.

Pero polo sur, antes de chegar ao Fisterre, cando as lexións romanas chegaron ao río Limia, creron que era un río famoso na mitoloxía greco-latina. Creron que era o Letheo, o río do olvido. Os que pasaban aquel río, ao chegar a outra ribeira, esquecíanse a lingua que falaban, esquecíanse os nomes propios, os nomes das súas familias e os rostros. Xa non sabían de onde eran... apátridas, vagabundos, sen noites nin días polo mundo. E non quixeron cruzar o Limia e tivo que ser o propio xefe das lexións, Décimo Xuño Bruto, quen pasou a cabalo o río e dende a outra ribeira empezou a chamar os lexionarios polo seu nome, a dicirlles as batallas en que estiveran xuntos, as xentes que coñeceran e ata os nomes das familias e os nomes das terras de onde proviñan. E entón, convencidos de que aquel non era o Letheo, que aquelas augas mansas que van verdes entre lúzula e

xunqueiras creron de verdade que non era o río do esquezo e pasárono e emprenderon a conquista de Galicia, a romanización de Galicia. De modo que Galicia é nin máis nin menos unha terra que ten a cabeza onde remata o mundo coñecido e ten os pés no río do esquezo. Realmente non pode haber país máis estraño, non pode haber país que estea máis lonxe, e que de máis lonxe veña a entrar dun xeito ou outro na grande historia humana.

Agora ben, e este é un dos grandes problemas da realidade histórica galega ¿quen vivía en Galicia? ¿Quen eran os poboadores dos vales e das ribeiras mariñeiras de Galicia? ¿Quen vivía nos castros? ¿Que deuses había nos nosos bosques? ¿Que falas eran as que andaban por alí? En primeiro lugar os historiadores, porque leron en Plinio en Tito Livio, sabían que había moitos municipios que os romanos chamaban celtas, e se había alguén no momento da romanización de Galicia que soubera o que era un celta, eran os romanos que viñan de pelexar contra eles na Galia Cisalpina e na Galia Trasalpina. Tamén no século XVI se preguntáramos quen é o que sabe que é un mouro no mundo, pois contestaríamos que un español, porque viñamos 700 anos de pelexar contra eles. Pero resulta que os españoles chegan ás illas Filipinas e á aqueles xefes tagalos, polo tanto amarelos e que non falaban árabe senon tagalo, chámanlles *moros*: os *moros de Cebú*, os *moros do Iloilo*, os *moros de Luzón* etc. e os seus xefes chámanlle sultáns ¿Por que? Por que profesaban a relixión mahometana. Unha cousa deste tipo puidose moi ben ter producido entre os romanos. Puido moi ben tratarse de que aqueles pobos ou tiñan unha lingua celta ou que tiñan unha determinada metalurxía, ou unha determinada cerámica. O feito é que lles chamaron celtas, pero nós hoxe estamos seguros de que á penas houbo celtas en Galicia; foi un número moi escaso. Eu dixen unha vez nunha conferencia en Vigo -e parece que non gustou moito- que había no momento en que houbo mais celtas en Galicia, non houbo máis que socios ten actualmente o Real Club Celta de Vigo.

Pero isto foi un comodín. En primeiro lugar, e por razóns que direi despois, aos galegos gustoulles isto de vir desta raza errabunda, desta gran raza viaxeira de Europa que atravesou a selva *Herciniana* -que etimolóxicamente antes de que se producira un fenómeno da caída da que nas linguas celtas, era que *Querciniana*, é dicir, do *querqus*, do carballo- atravesar esta gran selva, esta gran Europa, chegar ós Finisterres todos, pasar o mar e chegar a Irlanda, subir ata Escocia, en fin, esta gran raza amadora do mar e da onda atlántica e, ao mesmo, tempo vagabunda por todas as grandes chairas de Europa. Ao galego gustoulle pertenceren un pouco a esto. E os historiadores galegos, Murguía especialmente claro, apoiados en Tito Livio e tal, insistiron no fondo celta da raza galega que por outra parte era un comodín... Porque hai moita xente por aí que di que os galegos somos humoristas e que isto vénnos dos celtas. Houbo moitos máis celtas en Segovia e en Sigüenza -dúas poboacións que teñen nome celta Segobriga e Segontia- que houbo en toda Galicia; e nunca oín falar que os segovianos sexan humoristas ou os seguntinos. Serviu para moitas cousas. Serviu para dicir, por exemplo, que cando no campo galego ou nas ribeiras do mar, atopamos xente loira co cabelo rubio e os ollos claros que eso é unha cousa que vén dos celtas. Non é verdade: vén dos suevos, das emigracións xermánicas en Galicia, porque se houbo celtas en Galicia e eran os procedentes do río Guadiana -do antigo Anas- eran pequenos e morenos e non loiros. Ata o punto que outras tribus

pequenas e morenas celtas que foron poboar por exemplo o norte de Escocia, os *pictos* tendo corrido entre eles a idea -tamén unha idea un pouco estraña e dificilmente explicable- de que o celta era alto, loiro e de ollos azuis- pintáronse, tinguíronse de roibo e por eso se lles chama *pictos*, os pintados.

Murguía coñecía por exemplo o *Lebor Gabála*. O *Lebor Gabála* é un libro irlandés moitas veces refeito, pero probablemente na forma que o temos neste momento é do século XI. Está feito, redactado nesta derradeira redacción por un monxe do monasterio de Lindisfarne na actual Inglaterra. Neste libro que tamén pode levar por título *As conquistas dos fillos de Mil* conta a navegación desde Galicia a Irlanda de determinadas tribus celtas mandadas polos fillos do rei Breogán, construtor do primeiro faro na Coruña do que hoxe se chama a Torre de Hércules, polo seu revestimento romano etc. Entón o libro é moi fermoso e os capítulos dedicados á saída dos celtas da Coruña para Irlanda é precioso. Levaban nada menos que a gaita e no mes de setembro cando son os ventos tan cristalinos do sur que parece que o mundo se mete dentro dunha redoma de cristal, vían polas mañanciñas, alá no lonxe, pousada no mar, unha esmeralda verde. Era a illa de Irlanda. Viana desde Coruña. Chegaron alí e pelexaron cuns pobos secretos e máis antigos, probablemente un dos pobos máis antigos dos que haxa noticia, os *Tuatha Dé Danann*, *Tuatha* é pobo, *Danann* eran os deuses, un pobo que despois pasou a historia de Irlanda, case, como un pobo de demos e de xente xigantesca e terrible destrutores de pobos e tal...

Entonces tomouse un pouco ao pé da letra o *Lebor Gabála*, e entón dixeron, pois xa non hai discusión. Dío Tito Livio, os romanos sabían moi ben o que era un celta, sabemos e podemos probar filoloxicamente que algunhas das tribus galegas protohistóricas como os *Lemavos* do Val de Lemos, os *Límicos* do Val da Limia, seguro que eran celtas e probablemente algunha xente do norte da provincia da Coruña, de Bergantiños, nalgúnhas zonas sabemos tal, e aínda encima vén o *Lebor Gabála* que nos fala das expedicións dos fillos de Mil dende Galicia a Irlanda, pois xa non hai dúbida ningunha. A verdade é que hai tódalas dúbidas, e repito a moderna investigación arqueolóxica, filolóxica e etnográfica está de acordo en que os celtas foron moi poucos. Estiveron en áreas moi delimitadas e a súa cultura... pois simplemente un dato: todo o mundo máximo galego que é moi intenso e moi coherente, un dos mundos máxicos máis coherentes de toda a Europa occidental, non ten absolutamente nada que ver, pero nada, absolutamente nada que ver, co mundo máximo céltico. É dicir, as estruturas do mundo máximo galego, son totalmente diferentes das estruturas do mundo máximo celta. Todas as supersticións galegas, que por certo están codificadas por un home que viviu nun mosteiro, nun dos primeiros mosteiros de Portugal, preto de Braga, un dos evanxelizadores do norte de Portugal e de Galicia, San Martín de Dumio, escribiu no século VI que foi cando el viviu, un libro para corrixir as supersticións dos campesinos desas zonas; o libro titúlase *De correctione rusticorum*, de como hai que corrixir ós rústicos.

Ben pois alí están todas as supersticións que podemos chamar galego-bracarenses ou bracarenses, dándolle á Braga primada, ese gran senso que tivo da cabeza da Igrexa na

Galicia. Pois están alí todas e ningunha delas, en absoluto, ten nada que ver coas estruturas do mundo mitolóxico, do mundo máxico e mítico dos celtas. E tamén debo dicir que na maior parte de Galicia dun xeito ou doutro, -non podo dicir o mesmo do norte de Portugal- pero dun xeito ou doutro na maior parte de Galicia, no campo e no mar, entre labregos e mariñeiros están vivas pouco modificadas. Ás veces exactamente tal e como San Martín de Dumio intentaba corrixir no século VI. Fanse neste momento en Galicia en determinadas épocas do ano ou con determinados acontecementos prácticas que estaban en vigor no século VI.

E xa digo que en absoluto teñen que ver nin coa paganía romana, é dicir nin coa relixión romana que en determinados aspectos era moi aberta e recollía todos cantos deuses aparecían de todas as partes, nin ten nada que ver co mundo céltico que se o houbera, pois naturalmente substrato delas estarían todas estas supersticións, é dicir todas estas estruturas do mundo máxico.

Pero a cousa complicouse porque no século pasado nós tivemos un grande poeta, un enorme poeta, un gran cantor, Eduardo Pondal. Eduardo Pondal sendo estudante de medicina en Santiago caeulle nas mans un libro que no seu tempo —é dicir 60 ou 70 anos antes de que o lera Pondal- foi o libro lido con máis paixón e emoción en toda Europa. Foi o gran *best seller* daquel tempo, foi traducido a todas as linguas... e eu podía dicirlle agora dúas dúcias de momentos en que homes esenciais de Europa, en momentos esenciais de Europa, len os falsos poemas de Ossían que inventou un crego, un pastor escocés chamado Mc Pherson. Houbo un mago e erudito celta en Irlanda chamado Ossían, Oisín é o seu nome. Este Oisín ou Ossían debeu vivir alá polo século IV ou V... cos celtas de Irlanda pasa un pouco como coa India: son xa pobos ahistóricos nos cales a data non ten importancia ningunha, de modo que cen anos para riba ou para baixo pois non é nada e non hai maneira nunca de enterarse. Pero supoñamos que viviu polo século V; tiña tanta importancia que cando empeza a cristianización de Irlanda por San Patricio, invéntanse conversacións entre San Patricio e Ossían, en que Ossían, aínda que opoñéndose levemente ao cristianismo acepta gran parte das cousas e sobre todo reconece unha cousa moi importante que é que o San Patricio falaba moi ben. É exactamente igual como cando os cristiáns no século II e III inventan as famosas cartas cambiadas entre Séneca e San Pablo... non houbo nunca as cartas entre Séneca e San Pablo, naturalmente, pero o que se pretendía, e que escribíndose Séneca con San Pablo, Séneca dáballe a San Pablo unha grande autoridade retórica. As epístolas de San Pablo entonces xa non estaban escritas nun linguaxe cheo de paixón e cheo de faltas de sintaxe etc. era un gran retórico, o cal se probaba porque Séneca se escribía con el.

Ben, entón Mc Pherson colle uns poemas probablemente escritos por Ossían e senón por outros poetas irlandeses da época de Ossían e posteriores, o ciclo da xoia xaspeada, o ciclo do país da eterna primavera, etc. e el inventa uns poemas que llos atribúe a Ossían e que todo o mundo, incluso nos seus primeiros anos o noso Menéndez y Pelayo, cren que efectivamente os poemas ossiánicos son verdadeiramente, aínda que Menéndez Pelayo reconece que debe haber algunha mistificación por parte de McPherson, reconece que aínda a cousa non é así, que debe de haber moito fondo auténtico, primitivo etc.

É o libro que leu todo o mundo. Leuno Napoleón Bonaparte na véspera da batalla de Jena. Stendhal entrando coas tropas francesas en Milán ía a cabalo e ía lendo o libro. Petöfi, o gran poeta, o gran heroe das loitas de Hungría na primeira metade do século XIX, a véspera da morte na batalla de Segesvár está a carón dun pozo está bebendo o seu cabalo e el séntase para ler os poemas de McPherson. Chateaubriand foi un gran lector de McPherson... eu quixera dicirlle ao representante do señor embaixador de España o perigoso que é ler a McPherson nas embaixadas, e especialmente se está un ao lado dunha consola, e no alto hai un cadro que representa a unha mariña. Din que Chateaubriand na súa embaixada de Roma estaba lendo os poemas de Ossián e cando chegou a aquel verso tan fermoso que moito tempo despois repetiría Swindurne e dixo aquilo de que *os pés do vento brillan ao longo do mar*, do cadro saiu unha onda de mar que mollou ao señor vizconde René de Chateaubriand.

Entón Pondal colle a McPherson, colle os poemas ossiánicos e escribe el *Queixumes dos pinos* que son uns poemas ossiánicos. Claro Pondal non sabía celta e tiña que inventar nomes para os celtas ¿Que fai? Colle os nomes das aldeas de Bergantiños, da Terra de Xallas, de Ponteceso, de Carballo, de Muxía, de Camariñas, de Xornes, e estes nomes de lugares, estes nomes de bosques ou estes nomes de montes ou de ríos transfórmaos en nomes de héroes dos celtas, en nomes de fermosísimas rapazas, en nomes de grandes reis... Hai un pinar que se chama Gundar, pois entón vai Pondal e inventa unha fada que se chama Gundar, que ten o cabelo de ouro... En fin, á parte de mesturar con eles nomes como de Fingal, un dos heroes típicos dos poemas macphersonianos, E entón de aí vén xa está incontenible riada: os galegos somos celtas. Están aí ademais as "Queixumes dos pinos"; somos irónicos e excépticos coma os celtas, somos racionalistas, amigos dos parrafeos coma os celtas, somos amigos das recomendacións como os celtas, que tiñan un carballo e un deus metido nun carballo para poder mandar recomendacións. Para colmo, nos procesos de inquisición de Santiago que publican Tettamancy e Neira de Mosquera, resulta que un dos demos que máis circulan nos procesos de inquisición galega é o famoso Astarot que se chama Astarote nas bruxas dos procesos daquel tempo, e é aínda moi coñecido en certos lugares de Galicia. Eu teño localizado en tres ou catro sitios persoas que vamos que falaban de Astarot e traballaban un pouco con el. E este Astarot é amigo da xente rica, amigo de facer favores, e xa no Talmude os xudeus consideran que é... ah ben. Hai que dicir unha cousa. Que cando a rebelión dos anxos contra Deus houbo un grupo que quedou neutral. E este grupo neutral, esta terceira forza, quen a mandaba era o demo Astarot. Pero entón Deus dixo "¿Ah si? ¡Ao inferno todos!, porque está dito nas escrituras que Deus vomitará os tibios". De modo que os neutrais tamén os mandou ao pozo e Astarot era o xefe deles. De modo que este home da terceira forza, polo tanto, quere estar a ben con todos, especialmente cos ricos, e é un avogado das recomendacións.

Entonces xa os galegos estabamos como o peixe na auga, como celtas. ¿Por que lle gusta isto a unha xente tan humilde coma nós, coma os galegos, a unha xente dunha terra tantos longos anos pobre. Unha terra, realmente todos vós sabedes, moitos de vós tedes saído daqueles pequenas aldeas nosas, todos sabedes da pobreza da nosa vida cotiá... ¿Por que lle gustou esto? ¿Por que non preferiu, por exemplo, os suevos, unha caste

heroica tremenda grandes cabalgadores, grandes heroes unha das máis puras sangues que produciu nunca a selva xermánica?. Non. Foron estos celtas, esta xente espaxada que non logrou nunca formar un estado, sempre dividida en pequenos bandos indo para aquí para alá cos seus rabaños de vacas e cos seus rabaños de cabalos, facendo exorcismos ao ferro cando se traballa na fragua, unha raza pobre e sen embargo amiga do ouro. Tan amiga do ouro que hai un libro dun gran filólogo irlandés actual, neste momento director dos estudos da lingua gaelica en Dublín, o profesor Mac Cana, moi amigo meu, que escribiu un libro en que explica algunha das insospeitadas emigracións dos celtas pola búsqueda do ouro.

Esto veu tamén en Galicia a mesturarse un pouco co problema dos celtas. Por exemplo Murguía pensaba, hai unhas cartas de Murguía en que el pensaba escribir sobre este tema, e Don Vicente Risco tamén se preocupou moito deste tema... Como vostedes saben cando os romanos chegaron a Galicia foron un pouco sorprendidos pola cantidade de ouro que atopaban nos xefes e nos deuses das distintas tribus. Son esas xoias de ouro algunhas fermosísimas que se conservan nos museos galegos; por exemplo no museo de Pontevedra e no museo de Lugo: os torques, as diademas o tesouro de Caldas, o tesouro da Agolada, o gran torque de Burela de Ribadeo, que son nada menos que dúas libras en media de ouro, etc. E os romanos explotaron o ouro galego. O ouro estaba como saben, no extremo sudeste de Galicia, é dicir, no Sil.

As médulas no Bierzo, son unhas das montañas ás que Plinio dedicou unhas páxinas, unhas liñas, uns párrafos verdadeiramente emocionantes, ao traballo naquelas minas. Baleiraron, cachearon todos os montes. E baleiraron totalmente aquela montaña do ouro, desvíaron o río Sil para furar un monte e facer o que hoxe existe aínda e que se chama Monte Furado, e poder meter por aí o río e por outro lado poder aproveitar os veneros. Pódese asegurar, non se sabe dende logo que cantidades de ouro puideron haber podido saír de Galicia no século I e II do imperio. Pero pódese asegurar que saíu... chámalle Otero Pedrayo a esa explotación mineira aurífera o “Klondike galego” e é verdade, saíu máis ouro de ali, que puido haber salido de California nos días de Sutter. Galicia sostivo economicamente co ouro das súas minas gran parte de política exterior do Imperio romano no día de Trajano e de Adriano, dous emperadores gloriosamente españois, píos, felices e imperantes.

Claro, entón aparecía ouro en Galicia con certa frecuencia. Os celtas, os reis celtas tiñan albinos. O albino din que ve o ouro na noite, e en tódalas lendas celtas hai sempre un rei que ten unha especie de albino de cámara ao que solta de noite, como se solta un can na bouza para que vaia para ver se topa ouro... E aparecen con moita frecuencia tesouros. Hai zonas en Galicia que son as de máxima densidade de achádegos de ouro de toda a Europa Occidental. isto fixo tamén, non só que se falara do ouro dos celtas e que se repetira isto ata a saciedade, senon fixo que en moitas aldeas galegas moi secretamente hai moita xente que ten escondido o libro de San Cipriano, "O Ciprianiño" onde da pelos e sinais dos sitios en que se atopan os tesouros, de quen foron, dos mouros que foron. Pero o galego, que xa dixen é, neste aspecto tan ahistorico, quizas seña o único no que se parece aos celtas, ser tan ahistórico, todo o que está para atrás son mouros. E non fala de

romanos, nin de suevos. Todo que está para atrás son mouros. De modo que os tesouros gárdanos os mouros. Algunhas veces, poucas, gárdanos as fadas, pero en xeral o gardador do tesouro é o mouro. Hai que saber unhas determinadas palabras ou hai que, sabendo as palabras, se o mellor o tesouro está pechado entón hai que sacar as palabras cos dedos da boca e irlle dando unhas voltiñas ata que un faga unha chave, e cando ten a chave na man entón abre a caixa do tesouro e faise con el.

Galicia o que foi, foi un espléndido pobo de mestizos. Foi un pobo... Era coma un fondo de saco. De modo que alí chegaron ligures, esta atestiguado; chegaron ilirios está incluso atestiguado polo substrato lingüístico, chegaron algúns celtas, chegaron despois os romanos e non sabemos se puido vir algunha xente polo mar, porque máis tarde e coas mesmas dificultades de navegación, si viñeron. De modo que xa digo, un espléndido pobo de mestizos foi co que se atoparon os romanos. E entón chegou un gran pobo xermánico, xa digo, o máis nobre o máis ilustre de todos os pobos xermánicos que se puxeran en camiño cara o extremo Occidente: os suevos. Eran poucos, pero o seu rastro no país e verdadeiramente impresionante. En primeiro lugar somáticamente pode dicirse que todos os galegos louros e de ollos claros etc, -ou nunha gran cantidade- son de sangue gótico. En segundo lugar sendo poucos repartíronse perfectamente o país. A toponimia galega excepto a máis recente -ou toponimia romana ou algunha moi rara- e case toda ela gótica. Todos eses pobos, por exemplo, terminados en -iz, como Guitiriz, Vilaodríz, Goiriz, Romariz etc. Pois o que son: Romariz é un Runemaros co "iz" do mesmo xeito que despois por exemplo en Castela dun Sancho fará un Sánchez, dun Fernando fará un Fernández etc. Guitiriz é un Guntericus e Vilaodríz e un Vila Ourique, etc. De modo que son todos eles nomes xermánicos co posesivo final -iz. Son tamén góticos todos os nomes galegos que terminan en -il como Villaamil, Rencemil, Freixomil etc. todos estes. De modo que a xente era pouca pero a súa influencia foi enorme.

Ao galego non lle fixo gracia ningunha isto dos suevos. Creo que algunha que outra vez se lle dá o nome de Suevia a algo: en Vigo a un cabaret, en Coruña a unha casa de comidas, pero non ten maior importancia. Á xente isto dos suevos non lle fixo gracia ningunha. E foi sin dúbida ningunha a aportación, xa nos tempos históricos de sangue novo vida de fóra, máis importante que houbo en Galicia.

E por outro lado pode dicirse tamén sin lugar a dúbidas que todas as familias nobres galegas da idade media, desde os Andrade ós Feixoo, dende a familia de San Rosendo fundador de Celanova ata os Montenegro e calquera, todos en absoluto, todos, desde os Osorio, os Moscoso etc., todas as familias nobres galegas de Idade Media, todas elas son caste gótica, caste sueva, todas eles levan sangue gótico e sangue suevo, todos eles están emparentados; San Rosendo dunha maneira moi directa, por exemplo, cos reises de León con Ordoño e demais. Ben pois todas estas familias eran góticas, e en cambio a xente do país non lle importou nada, nen lle deu importancia ningunha.

A poboación de Galicia faise dunha maneira un pouco estraña. Temos todos estes pobos que foron ao cu de saco do Fisterre. Temos logo os romanos. Temos logo os suevos e entón, cando vén a invasión musulmá, hai naturalmente moita xente que vén do sur: celtas, é dicir, hispanoceltas do Guadiana; celtíberos; bacios; turdetanos; toda xente

romanizada dende logo e despois sometida o imperio gótico, pero non dunha maneira tan decisiva como Galicia estivo sometida os suevos. É dicir, hai zonas de España, por exemplo, a Terra de Campos, os antigos campos góticos, campo Palati por Palencia, onde efectivamente foi coma unha especie de explotación cereal dos romanos para as lexións en España. Entón claro hai un reparto de terras, hai unha concentración de terras polos romanos, etc. E logo despois isto vano a continuar os visigodos e serán os Campos Gotorum a actual Terra de Campos. Non fixeron máis que herdar unha concentración de produción de cereal que xa organizaran os romanos pero no resto non houbo nunca esa presión.

Tan pronto os mouros saen de Galicia, é dicir que quedan para debaixo do Miño e para debaixo do Sil, procédese a unha repoboación bastante rápida. Conservamos un documento precioso que é *A repoboación da diócese de Lugo* polo bispo Odoario, un bispo do século VIII. É ademais un documento moi precioso de ler. Porque é como se un neno en vísperas de Nadal fora a facer un pesebre, e puxera aquí os Reis Magos, alí a virxe e San Xosé e o neno Xesús e aquí xunto o río unhas lavandeiras, e un pouco máis abaixo unha muller segando a herba, e noutro lado un muiñeiro e noutro lado un pastor cunhas ovellas etc. Pois así vai o obispo Odoario na súa repoboación. Vai dicindo que en Santa Eulalia de Bóveda, pois fai unha igrexa e hai un palomar e ademais hai un río e entón hai unha ponte e hai uns muiños que serán de fulano... e poderá haber alí tantas ovellas e fulano daralle a iglesia tantos ferrados etc. todo esto, e encima a xente que trae. A xente, a maior parte das veces na repoboación de Lugo, é xente fuxida do sur de España, servos dos señores góticos aos que se chama, un pouco confusamente porque había moitas cousas que distinguir entre eles, mozárabes. E así queda repoboada, por exemplo, a provincia de Lugo.

Pero estas repoboacións que se fan de fóra para dentro na maior parte, cun sesenta por cen probablemente de xente de fora, xente que viña do sur, un pouco máis tarde vanse facer de Galicia para fóra. E entón, isto tamén toca aos celtas, isto do humor celta, e coa morriña do celta, coas choradiñas do celta, e coa gracia do celta e con todas estas cousas. E é por exemplo cando Alfonso III de León fai unha razzia por Portugal e chega case ata o Texo, de feito pasou o Mondego, e entón leva con el de retorno a Galicia unha grande cantidade de xente. Con esta xente vai a repoboar parte da provincia de Ourense na zona que se estende pola beira do Miño e segue por Arbo, as Neves etc. ata case Guillarei, ou un pouco mai aló. E con outra parte desta xente vai a repoboar as Rías Baixas. E colle a xente das Rías baixas que a maior parte dela era unha xente de caste gótica e polo tanto loura, e lévaa nada menos que a Terra de Campos e as Bardulias, ao norte da actual Castela. É dicir, que os casteláns en virtude de repoboación de Alfonso III de León teñen sangue galego das Rías baixas, se é que se lle pode chamar sangue galego ou sangue español a un sangue daquel tempo, en fin, en que todo se estaba facendo... De modo que en Castela, a xente das Bardulias, a xente da Terra de Campos, estes casteláns das arrugas paralelas que teñen a pel mesmo da cor dos seus barbeitos, das súas terras de folgado, pois toda esta xente, é xente galega.

Eu hai dous tres anos nunha viaxe por Terra de Campos que unha terra que me gusta moito, levaba eu metido na cabeza -sempre leva un metido cousas na cabeza- dicía “a ver se atopo eu algo, pois unha sorrisa nunha muller o cabelo louro nun neno, un xesto algo nun paisano que me recorde a min pois os galegos que fai tantos anos no 1130 trouxo aquí Alfonso III de León”. E non. Non había nada. Era por Semana Santa e é unha xente unha gran xente, unha das millares xentes de España e do mundo, a xente da terra de Campos. Estaban serios nas iglesias, asistindo o sermón do desencravo como verdadeiros testigos, como se tiveran que dar non sei onde, quizais diante de Deus mesmo testimonio de pasión e morte do noso señor Xesucristo. Horas enteiras serios, serios. E despois xa por Pascua Frorida paramos nun pobo, non recordo agora cal, e había un meniño, un meniño loiro, loiro, loiro se os hai no mundo. Tiña unha cabeleira de ouro. Tiña uns ollos dun azul celeste e dixeron: Hai. Atopei por fin, esta debe se a última gota de sangue galega traída das rías baixas por Alfonso III que queda aquí. E entón correu unha avoa, unha velliña correu a coller o neno, e díxome: *É que o pai está traballando e en Alemania e casou cunha moza de alá*. De modo que realmente había caste gótica, pero non a través do galego.

Despois Galicia como todos os pobos de mestizos foi moi facilmente asimiladora. Cando nos tempos de Almanzor ou dos grandes empuxóns dos Almohades e dos Almorábides a xente quedou en Galicia e misturouse e todo o máis quedan por aí algunhas aldeas que levan o nome de Mouriscados ou de Mouriscos. E agora tamén se empeza a pensar noutra cousa, porque agora se sabe que cando a expulsión dos mouriscos de España polo rei Carlos III, moitos mouriscos que, claro, estaban, polo menos aparentemente convertidos o cristianismo, viñeron a Galicia a traballar nos mosteiros. E está probado, sen lugar a ningunha dúbida, que as fachadas neoclásicas e barrocas en Sobrado, de Monfero, de Oseira, de Celanova, de Lourenza, de Meire etc. foron todas elas feitas por mouriscos, por alarices mouriscos que aproveitando que en Galicia non había ningunha preocupación -a inquisición galega non se preocupaba de nada-, non había ningunha preocupación por isto, viñeron e quedáronse aquí e mostráronse aquí ca xente. Sábese moi ben. Os xudeos misturáronse moi axiña. Aínda en sinagogas que eran moi ricas, e que tiñan a pretensión de vir de sangues moi ilustres e de príncipes entre os hebreos como era o caso da Sinagoga de Ribadavia, por exemplo, o como foi a sinagoga de Betanzos, mesturáronse rapidamente. Cando chegou a hora de que saíran os xudeos no tempo dos Reises Católicos de Galicia non saíron máis que dúas dúcias de familias de xudeos moi ricos. A familia de Espinosa, a familia dos Méndez de Bande, de donde ven Mendès France o político francés, a familia de Mollo que actualmente creo quen é ministro de finanzas no goberno de Israel, chámase Piñas Mollo de modo que xa se pode ser galego e a familia Sapir que hoxe ten grandes representantes polo mundo, no mesmo Israel ten, Sapir é Zafiro, e Sapir é un gran filologo non EEUU etc. De modo que só grandes familias ricas marcharon e o resto todas eslas quedaron no país mesturándose ca xente do país, ata o punto de que varias veces no século XVII en pleitos tivos por herencias na Real Chancillería de Valladolid que e a onde ían todos os pleitos de heredamentos de bes vinculados da nobreza galega, como había sospeita de que había moita sangue xudea o mellor o castelán que lle discutía o galego unhos bens vinculados en

León ou no sur ou en Andalucía etc en seguida saía coa chata de xudeu. E intentaba remontar o árbol xenealóxico ata pegar cun David, un Moisés un etc ou con algunhas señoras do Ferro Couselo dos xudeus de Ourense, Doña Sol, Doña Noche, Doña Sorprendida, Doña Niebla. Son uns nomes preciosos: Doña Sorprendida. Entón este pobo de mestizos ben obrigado no século XI pola chegada das grandes abadías de Cluny a unhas estruturas socioeconómicas que duran deica hoxe e que son un dos grandes problemas de Galicia: a repartición actual da poboación no campo.

As abadías de Cluny querían, naturalmente, terra laborable. Entonces ao redor das abadías ían dando en foro a xente a este unha viña, a outro un prado, a outro tal, ían facendo lugares acasados e repartindo así a terra. Claro, foron uns grandes colonizadores, pódese calcular o 60% da terra labrada que hai neste momento en Galicia, é a terra labrada feita polas abadías de Cluny no século XI dando en aforamento ós labregos as terras. E pero claro, isto creou a actual situación de Galicia, que ao meu ver, o meu ver non tería importancia ningunha, pero ao ver a xente que seriamente se preocupa dos problemas económicos de Galicia fai imposible unha reforma agraria, fai imposible unha reestruturación moderna da agricultura, e sobre todo chega a facer imposible a vida humana porque se 6 ou 7 Km dunha rilleira hai unha casa, e alí outra e dúas xunto a igrexa outra alí abaixo e outra acolá en baixo nin pode haber escola nin pode haber sevicios sanitarios, nin pode haber confort, nin pode haber absolutamente nada, non se pode facer nada. Electrificar Galicia costou máis que supoño eu, vamos costou mai que electrificar Berlín ou París darlle luz a tódalas aldeas galegas, e practicamente imposible facer nada; e isto é o produto da chegada como consecuencia do Camiño de Santiago, o descubrimento do sepulcro do apóstol, dos monxes de Cluny e despois dos monxes como dicimos en Galicia, dos do Cistel, din os documentos medievais o Santo orde do Cistel.

O camiño de Santiago é outro momento esencial na realidade económica galega, Galicia había quedado outra vez cortada. Había volto a ser outra vez o Fisterre. Un país perdido, lonxe, donde non había xeito de chegar.

Foi o descubrimento do sepulcro do apóstol, a comezos mesmo do século IX o que vai a abrir esa gran vía o camiño francés, que non se sabe donde comeza no Este de Europa para rematar xunto a tumba de Apóstol Santiago. Aí hai tamén un gran problema de moi difícil explicación. Realmente, quizabes, haxa tódalas pezas do puzzle do rompecabezas pero de moi difícil facelas cadrar. Onde foi descuberto o sepulcro do apóstol había xa moitos enterramentos, enterramentos de moi diversas épocas da época romana ata a época sueva e a época mesma en que foi descuberto o sepulcro de apóstolo. É dicir, onde está hoxe Santiago de Compostela, onde está a catedral e está o sepulcro do apóstol había un centro relixioso dunha importancia excepcional. Un centro relixioso onde ía enterrarse xente moi diversa e de moi diversas partes de Galicia. Hoxe debaixo da nave central da catedral de Santiago, está moi ben posto, pódense ver todos os niveles de excavación.

Pódense ver as tumbas galego-romanas, pódense ver as tumbas góticas e vense perfectamente todos os niveles de enterramento o longo de sete séculos. Agora, que habendo un lugar de culto tan importante, que tendo ido a enterrarse alí tanta xente, que

houberse tal silencio sobre aquilo durante sete séculos é algo verdadeiramente inconcebible, verdadeiramente milagroso. Se están alí os restos do apóstol, e u creo que están dende logo e o primeiro e máis grande dos seus milagros VII séculos de total silencio en que ninguén dixo a ninguén porque ía alí, porque se bañaba alí nunhos pozos e nunhas fontes que hai debaixo do que son hoxe as escaleiras da praza das praterías, ninguén dixo a ninguén porque se enterraba alí.

Ben, apareceu o sepulcro de Apóstol Santiago e entón divulgouse tan absolutamente como se había gardado o silencio, tan absoluta foi a explosión a noticia polo mundo de aquí se descubriera no extremo da terra coñecida un sartego que contiña os ósos do apóstol Santiago. En seguida comenzou a haber peregrinacións. Case cen anos despois do descubremendo do apóstol xa don Odescalque, un obispo do Puig en Francia vén a Santiago. Xa 100 anos despois debía haber moito peleriño porque un obispo francés Giraldo de Ourillac, ao ver as grandes penalidades dos peleriños subindo ata o Cebreiro, desde o val do Bierzo, no alto do Cebreiro construen o primeiro hospital para peleriños. Hoxe consérvase a estrutura prerománica, case visigótica, de basilica e hospital. E entón que dou aberto eso que se chamou o camiño francés. E Galicia por primeira vez desde a época romana volve a ter unha comunicación co mundo. Vai a ser unha gran vía de cultura, de camiño do arte, non só de devoción. Virán correntes filosóficas, metres de teoloxía e de frores gregas e de frores latinas. Encherase todo o camiño de igrexas románicas, as nosas, as galegas, seguindo a grande línea do románico francés do románico de Toulouse especialmente, do románico de Muasac, pero sempre cun aire noso, un pouco máis labrego e humilde, un pouco máis de contacto na natureza. etc.

O camiño, se eu lles digo por exemplo que é en Varsovia, na Rycerska, na rúa dos cabaleiros, había un hospital para os peleriños que viñan a Santiago. Que en Mostar, en Croacia, na actual Iugoslavia había tamén un hospital para peleriños. En Estocolmo eu o ano pasado fun ver, entre o aereporto e a cidade, a man dereita, hai unha colina que a anuncia un letreiro na carretera, a Jakobsberg, a montaña de Santiago e fun alí porque alí había un hospital de Santiago a reuníanse alí todos os suecos que ían a facer a peregrinación para entrar na cidade. Alí dábanlle roupas novas e para tomar o barco ou pasar a Dinamarca e por terra vir facer a peregrinaxe do señor Santiago. Pero cando un paisano noso don Paio Gómez de Soutomaior foi como embaixador de Enrique III de Castela ao gran Tamerlán, atopouse na corte do gran Tamerlán un secretario de cartas gregas, un monxe nestoriano, que soñaba con facer a peregrinaxe a Santiago de Compostela. Pero facela de unha maneira un pouco especial, porque pensaba roubarlle dúas dúas de cabalos gran Tamerlán vendelas na feira de Samarcanda e co diñeiro que sacase pois vir en peregrinación a Santiago de Compostela, que seguro lle perdoaría todo.

Toda Europa peregrinou a Santiago. Peregrinaron os reis, peregrinaron os santos, peregrinou o pobo miúdo, xente que cometera crimes e como pena poñíanlle os tribunais de xustiza tanto en Francia, como en Flandes como en Alemaña, o facer a peregrinación de Santiago, a nómina sería inacabable. Viñeron grandes poetas. É dicir, nas cantigas galegas da Idade Media, o eco provenzal que nelas haxa, polo camiño de Santiago con Marcabru veu. E o poeta Sorghelo da Ghoitia, e Ser Brunetto Latini cando veu de

embaixador de Florencia a Afonso X no ano mil douscentos corenta e tantos. E en fin, toda Europa pódese dicir que peregrinou. A don Ramón del Valle Inclán gustáballe moito, nas listas de peleriños e depois de moitos nomes ilustres, de grandes nomes, condes de Tolosa, príncipes de Provenza, xente da casa ducal de Borgoña, o atopar, por exemplo, na lista “una ilustre viuda de Maguncia”. E entón acordábanse daquela viuda de Bath que vén nos contos de Canterbury de Chaucer e que tamén fixera todas as peregrinacións que hai que facer e en cada unha delas había toda a sorte de atopar un marido aínda que logo claro, morríalle para buscar outro...

Santiago foi dunha importancia excepcional. A importancia de Santiago é enorme e mudou, pode dicirse de algunha maneira, o destino de Galicia e de algunha maneira tamén podese dicir que está no nacemento de Portugal. Sería moi outro todo o destino do occidente penínsular senon tivera sido descuberto o sepulcro de Santiago. Non só porque a sede romana tivo ciumes desde moi axiña, porque o único sepulcro dun apóstol que había en occidente era o de San Pedro de Roma, pero agora aquí, no cabo de mundo, en Galicia, aparecía outro, o de Santiago. E entón un día os obispos de Santiago apoiados no enorme prestixio da tumba apostólica ¿que podían facer? Ata podían facer algo contra Roma. E entón Roma mandou aquí a orde de Cluny. E con Cluny, a casa de Borgoña que é a casa que está, o sangue que está, no nacemento de Portugal; e entón foi coma unha cabeza de ponte de Sede apostólica contra Santiago de Compostela. O medo tivo que pasarlles axiña, porque os españois transformamos rapidamente a Santiago apóstol no Santiago matamoros. E entón era o capitán da guerra santa contra os mouros, tamén nos tiñamos un unha guerra santa xa con este gran señor como capitán no seu cabalo branco . E pode dicirse que media idade media española, a media idade media militar, está feita por Santiago. Américo Castro dedicoulle un libro tan esclarecedor que todo o que se poida dicir sobre eso pois xa non queda nada.

En fin, quedándome moitas cousas que dicir, pero creo que os estou cansando polo moito tempo.

Galicia ao longo da reconquista verqueu -e é a primeira gran emigración galega- a metade das súas xentes sobre o sur de España. Toda a zona ata o Douro, toda a zona ata o Texo, toda a zona ata o Guadalquivir foi repoboada por xente galega. Ciudad Real que entonces se chamaba Vila Real foi poboada por xente de Guitiriz; Murcia foi poboada por Alfonso X el sabio xente de Ortigueira. A provincia de Huelva e gran parte da provincia de Cádiz e de Sevilla foi poboada con xente de Limia, a da zona de Celanova, Allariz, Verín, o Val Monterrei, etc. Esta xente ía coma soldados da nobreza galega.

As campañas contra os mouros foron as américas das nosas linaxes militares. Toda a traxectoria de nobreza española nesta zona, non na catalano-aragonesa, é sempre a mesma: casa solar en Galicia, Asturias ou na Montaña, loitas contra o mouro no Douro, no Texo ou Guadalquivir e entón grandes heredamentos na Andalucía e títulos de nobreza. A metade da gran nobreza española máis antiga leva apelidos galegos nun gran número, e despois nuns poucos asturianos e montañeses. Marcharon os primoxénitos e quedaron aquí os segundóns. É no final do XIV e comezos do XV. É a época que eu chamo dos “condes tolos”. Quedaron aquí nas súas torres oitenta, noventa ou cen segundóns

dispostos a saquear o país. É o que eles chamaban, chamouno un deles, “comer o galo”. Cando viñeron os Reis católicos despois da sublevación de Santa Irmandade, - a “tola”, a “fusquenlla”-, que moitos din, como moitos falando do levantamento das comunidades no reino de Castela, que era un movemento retrógrado en relación coa política moderna que traía o imperante Carlos, etc. Eu quero dicirlles se a política das comunidades e a política dos irmandiños galegos eran ou non era unha política moderna. Primeiro, pedían que as cortes se poidan reunir cando as cidades quixeran e non cando quixera el rei; era polo tanto ter un parlamento permanente que fiscalizaría. Segundo, que non se podían dar reximentos nas cidades por herencia. Terceiro, que non se podía botar ningún imposto que non fora aprobado polas cortes, etc. etc. É dicir que me digan a min, en fin, se isto non é moderno, se non estaba aí tanto nas comunidades de Castela como nos irmandiños de Galicia, a posibilidade dunha nova vida política, que agora, pois, está de moda moitas veces o dicir que non, que iso era retrógrado.

Os Reis Católicos tiveron que vir. Fixéronlle un gran ben a Galicia. Naquel momento. É dicir restableceron a paz. Cortaron cabezas coma a do mariscal Pedro Pardo de Cela na praza do meu pobo. Foi a cabeza rodando e entón un Goebbles que tiña o obispo de Mondoñedo -debía ter entón un ministro de propaganda como o Goebbles de Hitler- inventou que a cabeza conforme ía rodando despois de cortada, como empezara a dicir o credo, “credo en Deus pater”... pois dicindo *credo, credo, credo* ata que parou. Co cal quedaron todos convencidos, os meus paisanos de Mondoñedo, de que o Mariscal na última hora se sometera ao bispo con quen pelexaba que era o que se buscaba.

Ben, os reis impuxeron a paz. Xa os irmandiños destruíran case o 90% de todas as fortalezas do país. Todos os castelos de Galicia foron arrasados polos irmandiños. Non quedan máis que montóns de pedras. Os reis impuxeron unha xustiza moi dura pero absolutamente necesaria. Hai unha anécdota que conta Vasco de Aponte. Estaban don Fernando e a dona Isabel en Santiago e xa deran orden de que todos os nobres galegos cando eles saíran para Castela foran tras eles e tomaran parte na guerra que ía ser a conquista de Granada. Pero había o conde vello de Altamira que pesaba 360 libras galegas, e entón o conde tan vello e tan gordo, pediu permiso para se quedar. Don Fernando e dona Isabel déronllo. Pero despois de ter o permiso para quedar, un día estando xantando na súa casa en Santiago dixo: "marcharse han os hóspedes e volveremos comer o galo". Marcharon os hóspedes, é dicir, Fernando e Isabel e eles volverían a comer o galo, o probe galo de Galicia. Porque hai que ler os documentos daquel tempo. Todos os documentos publicados por Andrés Martínez Salazar ou publicados por Ferro Couselo, Tettamancy, por moita xente, e alí está Santa María do Vilar de Pregueiros, dezaioito moios de viño, vinte carros de centeo, dous xatos, un boi, tantos días da arada na terra do señor, etc. Este era o galo, o galo que estaban dispostos a comerse e que se comían os nosos condes tolos.

Agora neste momento producíronse dúas cousas:

Ben, a nobreza foise. E unha orde dos Reis católicos prohibiu que os documentos públicos se redactaran en idioma galego. E en segundo lugar fíxose moita forza nos costumes e nas ordenacións de Galicia. Xa non se permitiu que houbera grandes abades en

Celanova e Oseira. Viñeron os chamados “abades comendatarios”, e é que coa congregación de San Benito de Valladolid, que é a que pertencían as abadías galegas de Cluny, por exemplo, mandaba un monxe como abade, eran os “abades comendatarios” viñan para administrar. Moitos destes abades nin estaban e o que facían eran levarse as rendas para Castela e Andalucía. Pasan de mil os maiorazgos, os morgados creados coas rendas dos mosteiros galegos no século XVI e XVII levadas polos abades comendatarios para os seus sobriños, para os seus irmáns e ata para os seus fillos, porque algúns tiñanos. De modo que entón algúns volveron despois e Lemos, Monterrei, foron virreis nas Indias, foron vireis en Italia pero nós, desde entón, fomos imperialista ao servizo doutros emperadores.

Logo outro gran momento de realidade histórica galega de algún xeito fracasado por moitas circunstancias é o momento da Ilustración, o século das luces no século XVIII. Houbo un pequeno grupo de xente da primeira nobreza galega, Cornide de Quiroga por exemplo, xa non falo daqueles que foron dalgún xeito precursores polo pensamento que eso sólo merecería unha hora de explicación elemental, que son o padre Feixoo e o padre Sarmiento. Pero en fin Cornide de Quiroga escribindo sobre a reforma de agricultura ou sobre a necesidade dunha lei de pesca, Ibañez, o de Sargadelos, montando a metarurxía de Sargadelos e despois a famosa cerámica etc. Escribíndose cartas uns os outros. Esas cartas que se escribían ao xeito do século XVIII a maior parte das veces anónima. *Carta que un caballero de buena familia después de regresar de un viaje por el Báltico, escribe a cerca del comercio del Lino y del Cáñamo. Carta que un joven de buena posición que ha estudiado en las universidades de Salamanca etc. después un viaje por Italia escribe a cerca de las ordenanzas urbanas, o que permite mantener limpia unha ciudad...*” ou a traída de augas, o alcantirallado. É unha enorme correspondencia, en que pretendías poñer a Galicia á par con Europa. Intentaron grandes empresas mercantiles, pero estas tiñan que fallar necesariamente por un feito: porque Galicia non tiña comunicación co resto de península. E dicir ¿como ía a ir a cerámica de Sargadelos a Madrid ou a Barcelona e ao resto de a península? Non había un camiño, tiñan que ir a lomos de mula, pero pasando Pedrafito do Cebreiro ou as portillas de Padornelo e a Canda. Simplemente por eso. Porque chegou a haber grandes empresas mercantiles. O ano pasado por estas datas eu retrateime en Estocolmo no vello ponte do rei na Hansa despois de comer moi ben, porque para estas cousas primeiro hai que comer moi ben, no restaurante Aurora que foi unha factoría de Hansa en Estocolmo. Din que aínda agora cando fan obras e removen o piso aparecen graos de trigo de cando foi almacén de Hansa. Pois alí está unha lista de todos os portos europeos que podían comerciar coa factoría de Hansa en Estocolmo. E entre eles había un porto galego, un pequeno porto hoxe casi desconocido: Ribadeo. E eran os veleiros de Ribadeo, -El Joven Antoñito, la Flora Paquita, San Antonio y Ánimas- que eu seguín todos os nomes destes- os que ían ao trigo, ao liño e ao cáñamo o Báltico. Pero logo isto chegaba, e por exemplo había fábrica de lenzos en Muxía, pero ¿a quen lle ían vender os de Muxía os lenzos, para onde se ían levar, por onde? Isto fallou. Fallaron todos os intentos económicos, de toda esta xente galega, destes cabaleiriños de Ilustración; preciosas figuras. Algúns, como Cornide de Saavedra, estivera nun colexio de xesuítas en

Valladolid e levara tres anos seguidos o premio de danza. Porque os que mellor bailaban en Europa no s. XVIII eran os alumnos dos xesuítas, dos colexios de La Flèche, en Francia e de Mariazell, en Austria. Eran unha verdadeira marabilla.

Ben xa non os vou a cansar mais. Gustaríame seguir falándolles do que é a realidade histórica galega. Só unhas verbas para o noso presente:

Para min, como para moitos é unha especie de crisma, de santos óleos que se nos pon no bautismo, o idioma, a fala. Eu son tan español como o que máis o sexa. Pertenzo a unha familia cansa de servir a España. Con xentes nas maxistraturas nos exércitos e na mariña desde que haxa memoria. Facendo probas de nobreza na escola de garda mariñas, no XVIII ou no colexio de artillería de Segovia, ou nas órdenes militares ou onde fose. Xa digo, son español como o que máis o sexa. Por senso humano son a persona menos separatista do mundo. Estou disposto a recoñecer, incluso, por irmán a un turco deses que din que eles cando afogan, flotan panza arriba mentras que os cristiáns flotamos panza abaixo. Estou disposto, xa digo e repito moi seriamente: español como o que máis o sexa. Pero hai algo no que eu, como moitos, non podemos tranxir: e isto é o idioma. É o noso sinal como pobo; é a máis fermosa obra que nos fixemos ao longo de séculos; é aquilo que nos mantén agrupados; é unha maneira de entender o mundo que temos esta xente tan humilde que se chama os galegos. Cada fala, cada lingua é unha maneira de dicir o mundo, de dicir o entorno, de dicir as relacións do home con Deus, e do home coa natureza e do home con pai e do home cos fillos e da home coa terra que se labra, e ata do can amigo e compañeiro dos paseos. Cada fala é un mundo. España ten a enorme riqueza, permítese o enorme luxo, de ter catro grandes idiomas. Un, cunha enorme tradición literaria falado por unha xente de grande calidade intelectual e moral que é a lingua de Cataluña. Outro os vascos. Teñen o seu idioma, cantan con cantares moi sinxelos, desde Iparraguirre e sempre cos bosques coas súas colinas verdes, cos seus deportes arrastrando os bois grandes pedras, partindo grandes troncos de carballo eles etc. Ben. Alá eles. É unha gran reliquia. Non se sabe de onde vén e calquera hipótese é permitida pero, en fin, é deles, teñen dereito a ela. E logo estamos nós. Nós coa nosa lingua galega, unha das máis ilustres da romanidade, entre as que máis sexan. Pai de lingua de Portugal, que pasou o mar e foi ao Brasil. Seremos 200 millóns de homes a falar en galego- portugués no ano 2000. E eu me pregunto se hai alguén que se pode permitir o luxo de tirar isto ao río. Se hai alguén que se pode permitir o luxo de renunciar a esta enorme riqueza.

Alfonso X o sabio, que foi destetado en galego, que se criou en galego nas terras de Allariz, que aprendeu o galego en Allariz mesmo, que escribiu en galego cantigas de maldicir, cantigas de amor e as cantigas de Santa María, facendo un eloxio de España dicia, naturalmente, que era rica en aceite, rica en azafrán e rica en veneiros de prata e en veneiros de ouro e rica en cabalos e rica en xentes de enxeño, etc. Faltoulle dicir que era rica en falas, era rica en linguas. E unha das máis ilustres, unha daquelas que máis directamente fan a riqueza de España, esta lingua en que eu vos falei hoxe, e vos outros galegos bos e xenerosos me tedes escoitado. Nada máis.